ASINADO POR: CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA - ( JAIME ANEIROS PEREIRA ) 15/09/2021 09:18:40 | TTE ALCALDE - CONCELLEIRO FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 15/09/2021 09:26:39

Documento asinado

# SUXESTIÓNS AO ANTEPROXECTO DE LEI DE MELLORA DA XESTIÓN DO CICLO INTEGRAL DA AUGA

## I. AGLOMERACIÓNS URBANAS.

O artigo 5.1 do anteproxecto establece que "*a administración hidráulica de Galicia fixará as aglomeracións urbanas en que se estrutura o territorio da comunidade autónoma de Galicia*". O artigo 6.1.b) define que, no caso das aglomeracións urbanas de carácter supramunicipal, "*proporase como ente público representativo dos municipios a administración pública responsable do servizo de depuración no concello que teña unha maior poboación, medida en habitantes equivalentes, conectada ás instalacións de depuración que formen parte da aglomeración".* Este ente representativo será frecuentemente un Concello.

O anteproxecto de lei non define o réxime de funcionamento e de toma de decisións das aglomeracións urbanas. Porén, o ente público representativo asume unha serie de obrigas en relación con toda a aglomeración urbana, polo que, nos casos de aglomeracións supramunicipais, pode darse o caso de que un Concello, en tanto que ente representativo, teña que asumir funcións ou actuar en relación a circunstancias producidas no territorio doutro Concello, sobre o que non ten competencia ningunha nin capacidade de actuación.

Por exemplo, segundo o artigo 9.2 do anteproxecto, o resultado dos controis realizados por Augas de Galicia será notificado ao ente público representativo. "*No caso no que os resultados poñan de manifesto a existencia dun risco de incumprimento da normativa aplicable, ou dun incumprimento efectivo, o ente público representativo, no prazo máximo de dous meses desde a recepción da notificación, proporá á administración hidráulica de Galicia un programa de acción para a resolución dos incumprimentos detectados*". É dicir, no suposto do parágrafo anterior, o Concello que sexa designado ente representativo deberá elaborar un programa de acción, aínda no caso de que os incumprimentos teñan lugar noutro concello da aglomeración, e sexan responsabilidade dunha administración pública titular distinta. Enténdese que, neste caso, o ente representativo veríase obrigado a requirir da administración pública titular da infraestrutura no Concello no que teña lugar o incumprimento a información necesaria para a elaboración do programa de acción, introducindo deste modo un intermediario entre a administración hidráulica de Galicia e a administración responsable do incumprimento.

Lonxe de contribuír ao cumprimento das obrigas relacionadas co saneamento e depuración das augas residuais, este esquema complica innecesariamente o exercicio destas actividades, e impón aos concellos unhas obrigas contrarias á voluntariedade que a LRBRL recoñece a estes para cooperar e asociarse na prestación de servizos da súa competencia e recoñece, tamén, a Lei de Augas de Galicia aos concellos para a xestión das súas competencias en materia de augas.

ASINADO POR: CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA - ( JAIME ANEIROS PEREIRA ) 15/09/2021 09:18:40 | TTE ALCALDE - CONCELLEIRO FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 15/09/2021 09:26:39

Documento asinado

Por outra parte, é necesario regular o abastecemento de auga por un municipio a outros municipios próximos, como é o caso do municipio de Vigo, que subministra auga en alta e en baixa aos municipios de Redondela, Cangas do Morrazo, Moaña, Nigrán, O Porriño, Mos, Gondomar, Baiona, Salceda de Caselas e Soutomaior.

**En consecuencia, proponse revisar a figura dos entes públicos representativos das aglomeracións urbanas de carácter supramunicipal, e devolver todas as obrigas e competencias destes ás administracións públicas titulares das infraestruturas, ou aos responsables dos servizos de saneamento ou depuración, que deberán ter personalidade xurídica propia, segundo corresponda, sen que de ningún modo se poida fixar que sexa o Concello de maior poboación no sistema o que teña que asumir ditas obrigas.**

**Proponse, tamén, regular o subministro de auga por un municipio a outros próximos e establecer as disposicións transitorias precisas para adaptar a situación actual dos municipios que subministran auga a outros próximos á regulación que se estableza.**

## II. OBRIGAS VARIAS RELATIVAS AOS SISTEMAS DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN

O artigo 10.1 do anteproxecto prevé para as administracións públicas titulares de infraestruturas de saneamento e depuración a necesidade de prever e programar *"a revisión das instalacións a través das cales se prestan os servizos e a efectuala cunha periodicidade mínima quinquenal".*

O artigo 10.2 do anteproxecto prevé para as administracións públicas responsables dos servizos de saneamento e depuración nas aglomeracións urbanas de máis de 2.000 habitantes equivalentes, a obriga de elaborar un plan de control anual de vertidos ás redes de colectores. Estes plans "*serán informados, con carácter previo á súa aprobación, por Augas de Galicia. O informe analizará a compatibilidade deses plans co disposto nas directrices*" desenvoltas por Augas de Galicia (artigo 10.3).

Así, no anteproxecto preténdese establecer unha serie de obrigas sobre redes de competencia municipal: obriga de revisión das redes cunha periodicidade mínima fixada; obriga de elaborar plans de control anual de vertidos ás redes de colectores, así como a obriga de que estes plans sexan informados por Augas de Galicia e que se axusten a unhas directrices a publicar por esa Entidade Pública Empresarial. O establecemento destas obrigas entra en conflito co principio de autonomía municipal. A Lei 7/1985 de Bases do Réxime Local define, no seu artigo 25.c, como competencia propia dos municipios, "*o abastecemento de auga potable a domicilio e a evacuación e tratamento de augas residuais*".

Do mesmo xeito, o Regulamento de Dominio Público Hidráulico (RD 849/1986) establece no artigo 245.2 que a autorización de vertidos ao dominio público hidráulico é

ASINADO POR: CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA - ( JAIME ANEIROS PEREIRA ) 15/09/2021 09:18:40 | TTE ALCALDE - CONCELLEIRO FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 15/09/2021 09:26:39

competencia da Administración hidráulica *"salvo en los casos de vertidos efectuados en cualquier punto de la red de alcantarillado o de colectores gestionados por las Administraciones autonómicas o locales o por entidades dependientes de las mismas, en los que la autorización corresponderá al órgano autonómico o local competente".*

En consecuencia, as labores de revisión das infraestruturas de competencia municipal, e o control dos vertidos ás citadas redes non poden verse limitados no seu exercicio polo alcance e periodicidade fixada neste texto, nen poden verse limitados por unhas directrices elaboradas pola Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia.

Esta obxección esténdese a disposicións similares incluídas nos artigos 11 (Plan de redución de augas brancas nas redes de saneamento), 12 (periodicidade da revisión das infraestruturas de abastecemento) e 13 (Plan de optimización da eficiencia enerxética).

## III. ZONAS DE SERVIDUME

O artigo 25 do Anteproxecto dispón que "*o consello da Xunta de Galicia, a proposta de Augas de Galicia, poderá establecer unha zona de servidume das infraestruturas da súa titularidade relacionadas coa xestión do ciclo integral da auga dentro da cal as actividades e os usos do solo estarán sometidos ás limitacións seguintes:*
*a) A prohibición de edificar ou instalar construcións permanentes.*
*b) A necesidade de obter a autorización da administración hidráulica de Galicia para efectuar movementos de terra ou obras na superficie e no subsolo.*
*c) O acceso libre e permanente do persoal propio ou designado pola administración hidráulica de Galicia para levar a cabo as tarefas de vixilancia, mantemento, reparación, amolloamento e renovación das instalacións, e tamén o depósito de materiais.*
*d) O sometemento de calquera outras actividades ou operacións á autorización previa e expresa da administración hidráulica de Galicia, que deberá ter en conta a súa compatibilidade coa seguridade das instalacións e coa garantía da continuidade do servizo*".

Debería precisarse a finalidade ou finalidades da servidume a establecer. Se a finalidade do artigo é o establecemento dunha servidume de protección das infraestruturas hidráulicas de titularidade de Augas de Galicia, o precepto debería precisar ao seu inicio tal finalidade, o largo máximo da mesma e que a súa constitución dará lugar ben á correspondente indemnización, se se constitúe polo Consello da Xunta para cada infraestrutura, ben á obriga de indemnizar os danos e perdas que o seu exercicio orixine, se fora a Lei a que a determinara con carácter xeral como limitación do dominio dos predios lindeiros coas infraestruturas hidráulicas. As finalidades do apartado c) do artigo poden acadarse perfectamente coa ocupación temporal da Lei de Expropiación Forzosa ou coa servidume temporal do artigo 569 do Código Civil. O apartado d) do precepto suxeita a autorización calquera actividade do titular do predio servinte, polo que resulta redundante o apartado b). En calquera caso sería conveniente facer o esforzo de identificar actuacións que por inocuas para a seguridade e explotación da infraestrutura non requirirían autorización.

Documento asinado

ASINADO POR: CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA - ( JAIME ANEIROS PEREIRA ) 15/09/2021 09:18:40 | TTE ALCALDE - CONCELLEIRO FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 15/09/2021 09:26:39

Documento asinado

## IV. MEMORIA ECONÓMICO-FINANCEIRA DAS TRES TAXAS DE NOVA CREACIÓN

O anteproxecto regula o establecemento de tres taxas de nova creación:

- Título III, Capítulo II. Canon de xestión de depuradoras. O feito impoñible é "a *prestación do servizo de depuración das augas residuais efectuado por Augas de Galicia, por si ou mediante calquera das formas previstas na normativa vixente para a xestión do servizo público*" (artigo 28).

- Título III, Capítulo III. Canon de xestión de redes de colectores. O feito impoñible é "a *prestación do servizo de explotación de colectores, para a condución das augas residuais ás depuradoras de augas residuais, efectuado por Augas de Galicia, por si ou mediante calquera das formas previstas na normativa vixente para a xestión do servizo público. Enténdese incluído no feito impoñible os bombeos e os tanques de retención que, de maneira individual ou en conxunto cos colectores,sexan xestionados por Augas de Galicia*" (artigo 45).

- Título III, Capítulo V. Canon de xestión de abastecementos. O feito impoñible é "a *prestación do servizo de subministro en alta de auga por Augas de Galicia, por si ou mediante calquera das formas previstas na normativa vixente para a xestión do servizo público".*

De conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 6/2003 de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da comunidade autónoma de Galicia, procedería a aplicación do seguinte:

"3*. Para a determinación das cotas tributarias das taxas establecidas nas letras a), b) e c) do apartado 1 do artigo 13 tomaranse os custos directos e indirectos, incluso os de carácter financeiro, amortización do inmobilizado, custos de investimento e, de se-lo caso, os necesarios para garantilo mantemento, a expansión e o desenvolvemento razoable do ben, o servizo ou a actividade gravada pola taxa, máis unha normal rendibilidade dos recursos investidos.*

*4. Cando se estableza un novo suposto de aplicación dunha taxa no exercicio do establecido no artigo 9.4 desta lei ou se modifiquen as cotas tributarias vixentes, sempre que non se trate da actualización anual á que se refire o apartado 6 seguinte, deberase elaborar unha memoria económico-financeira que conterá como mínimo información relativa ós custos directos e indirectos que contribúan á formación do custo total do servizo ou da actividade, consonte o disposto no punto anterior, así como unha previsión tocante ó custo unitario que lle corresponde a aquel e mais unha proposta da cota tributaria aplicable.*"

En parecidos termos se pronuncia a lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos no artigo 19.2.

ASINADO POR: CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA - ( JAIME ANEIROS PEREIRA ) 15/09/2021 09:18:40 | TTE ALCALDE - CONCELLEIRO FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 15/09/2021 09:26:39

Documento asinado

O Anteproxecto dispón a afectación expresa do produto do canon de xestión de depuradoras, do canon de xestión de redes de colectores e do canon de abastecemento "*á explotación, conservación, mantemento e mellora*" das respectivas instalacións (artigos 28, 44 e 60). A memoria económico-financeira resulta relevante para determinar se existe un dobre financiamento das infraestruturas ás que se refire o artigo 24, nas que os concellos e as deputacións competentes soportan o financiamento de 2/3 do custe total, e, de existir esa dobre repercusión, se son considerados mecanismos de compensación para evitar esta dobre contribución ao financiamento.

**Sen embargo, non consta a citada memoria económico-financeira xustificativa dos importes reflectidos no anteproxecto de lei nos artigos 36 a 42, 52 a 56, 67 e 68, correspondentes a cuantificación das diversas taxas. Ademais, as cotas tributarias previstas son as mesmas para todo o territorio, sen ter en conta a estrutura de custes en relación coa realidade hidrográfica de cada conca e a particular infraestrutura de saneamento e depuración no seu ámbito espacial.**

## V. INDETERMINACIÓN DA APLICACIÓN DO MÉTODO DE ESTIMACIÓN OBXECTIVA

Os artigos 33 e 50 do Anteproxecto establecen que o cálculo da base impoñible do canon de xestión de depuradoras, e do canon de xestión de redes de colectores, respectivamente, "*fixarase regulamentariamente en atención ás características e circunstancias do aproveitamento, tendo en conta a capacidade de extracción, adución ou almacenamento de augados mecanismos instalados polo suxeito pasivo, así como da información que conste no rexistro administrativo do aproveitamento ou vertido. No caso dos usos domésticos, a base impoñible mediante o método de estimación obxectiva poderá determinarse a partir dos volumes de dotación básica da auga para vivendas que se establezan nos instrumentos de planificación hidrolóxica*".

A configuración dun elemento esencial da obriga tributaria, como é a base impoñible, debe regularse necesariamente por lei (artigo 8.a da Lei 58/2003 xeral tributaria), sen que sexa admisible a remisión a disposicións regulamentarias. O método que se defina deberá quedar xustificado, mediante a utilización de magnitudes, datos, índices ou módulos representativos da cantidade de auga depurada ou consumida.

## VI. USOS URBANOS

O anteproxecto dispón que tanto o canon de xestión de depuradoras coma o canon de xestión de redes de colectores esixiranse segundo varias modalidades, entre elas a de "*usos urbanos*" (artigos 29.2 e 45.2 respectivamente).

O concepto de "*usos urbanos*" non aparece definido nin no Anteproxecto nin na lei 9/2010 de 4 de novembro de augas de Galicia (en adiante, Lei 9/2010), e constituíse polo tanto

ASINADO POR: CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA - ( JAIME ANEIROS PEREIRA ) 15/09/2021 09:18:40 | TTE ALCALDE - CONCELLEIRO FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 15/09/2021 09:26:39

Documento asinado

como un concepto xurídico indeterminado que dificulta a aplicación destes tributos, xa que resulta problemática a interpretación do sentido xurídico, técnico ou usual do termo, criterios indicados no artigo 12 da Lei 58/2003, xeral tributaria para a interpretación das normas tributarias.

## VII. CANON DE DEPURACIÓN PARA USOS URBANOS

O canon de xestión de depuradoras proposto no capítulo II do título III do anteproxecto ten como feito impoñible "*a prestación do servizo de depuración das augas residuais*" (artigo 29), indistintamente da procedencia da auga, incluídas as augas brancas (artigo 29.3).

Na modalidade de usos urbanos, "*a base impoñible virá constituída polo volume mensual de auga entrante na depuradora"* (artigo 32.1), "*medido polos contadores ou caudalímetros situados nos puntos de control*" (artigo 33.3).

Nos supostos de abastecemento de auga por entidade subministradora, ou ben de captacións propias, que vertan as augas residuais nas redes de sumidoiros municipais, onde se xunten coas augas brancas e posteriormente entren nunha depuradora xestionada por Augas de Galicia, produciríase unha duplicidade impositiva:

- Os suxeitos pasivos nos supostos de abastecemento por entidade subministradora ou de captacións propias, tributarían polos volumes de auga medidos por contador.
- As entidades locais tributarían polo volume total, tanto os medidos por contador como polos procedentes de outras orixes, incluídas as augas brancas.

Proponse neste sentido unha mellor definición do feito impoñible, que evite a tributación ás entidades locais de volumes de auga xa suxeitos a tributación.

## VIII. CANON DA AUGA NO CASO DE PERDAS EN REDES DE ABASTECEMENTO

A disposición derradeira primeira, no punto dous, que modifica o artigo 45.1 da Lei 9/2010 inclúe no feito impoñible do canon da auga "*a perda de auga nas redes de abastecemento*". Non cabe conceptuar como materia impoñible estas perdas, que se producen ao prestar o servizo de abastecemento de auga á poboación. Cando unha administración exerce as competencias obrigatorias que lle impón a normativa, como é o caso dos municipios e o servizo de abastecemento de auga, non manifesta capacidade económica ningunha, polo que resulta improcedente a exacción de tributo algún vencellado ao exercicio de ditas competencias, seguindo o tamén unánime criterio do Tribunal Constitucional, quen xa en Auto 407/2007, de 6 de novembro, indicou que:

*«Con relación al principio de capacidad económica recogido en el artículo 31.1 CE y aplicable a todas las figuras tributarias, incluidas las tasas, hemos venido señalando que constituye un criterio inspirador del Sistema Tributario (TC S 19/1987, de 17 de febrero), un principio ordenador de dicho sistema (TC S 182/1997, de 28 de octubre, razón por la*

ASINADO POR: CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA - ( JAIME ANEIROS PEREIRA ) 15/09/2021 09:18:40 | TTE ALCALDE - CONCELLEIRO FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 15/09/2021 09:26:39

Documento asinado

*cual el tributo, cualquier tributo, grava un presupuesto de hecho o hecho imponible, artículo 28 LGT, revelador de capacidad económica, artículo 31.1 CE, fijado en la Ley (TC S 276/2000, de 16 de noviembre), por lo que el hecho imponible tiene que constituir una manifestación de riqueza (por todas TC SS 37/1987, de 26 de marzo y 276/2000 , de 16 de noviembre), de modo que la prestación tributaria no puede hacerse depender de situaciones que no son expresivas de capacidad económica (TC SS 194/2000, de 19 de julio y 193/2004 , de 4 de noviembre). El principio de capacidad económica impide, entonces, que el legislador establezca tributos, sea cual fuere la posición que los mismos ocupen en el sistema tributario, de su naturaleza real o personal, e incluso de su fin fiscal o extrafiscal (por todas TC SS 37/1987, de 26 de marzo y 194/2000 , de 19 de julio), cuya materia u objeto imponible no constituya una manifestación de riqueza real o potencial, esto es, no le autoriza a gravar riquezas meramente virtuales o ficticias y, en consecuencia, inexpresivas de capacidad económica (TC S 193/2004 , de 4 de noviembre)».*

**Non cabe establecer tributos como alternativa ao cumprimento de obrigas legais, e que, lonxe de promover os principios de uso racional da auga e "quen contamina, paga", acada o efecto contrario ao que debería, pois ao minguar co seu pagamento os fondos municipais, dificultaralles acometer as necesarias melloras nas súas redes de abastecemento.**

## IX. XESTIÓN TRIBUTARIA E CUSTES ADMINISTRATIVOS

As novas taxas previstas no anteproxecto, nos supostos de abastecemento de auga por entidades subministradoras de auga, implican unha maior carga na xestión dos ingresos públicos municipais, na liña do establecido na lei 9/2010 para o canon da auga e o coeficiente de vertedura. Aos problemas de xestión polo canon da auga actualmente en vigor, se engaden os que se derivan do canon de xestión de depuradoras e do canon de xestión de redes de colectores, sen que o Anteproxecto prevea compensación ningunha para os concellos.

En efecto, os recibos municipais da auga pasarían a incluír ata un máximo de catro tributos autonómicos, contando a repercusión do canon de abastecemento, conxuntamente cos ingresos locais que correspondan. Trátase dunha carga desproporcionada, que traslada aos concellos todos os custes de xestión, e, ademais ,ten o efecto de agochar o suxeito activo da carga tributaria, que é a administración autonómica, fronte aos contribuíntes.

O artigo 6.3 da Lei orgánica 8/1980 de financiamento das comunidades autónomas (en adiante, LOFCA), dispón que "*Los tributos que establezcan las Comunidades Autónomas no podrán recaer sobre hechos imponibles gravados por los tributos locales. Las Comunidades Autónomas podrán establecer y gestionar tributos sobre las materias que la legislación de Régimen Local reserve a las Corporaciones locales. En todo caso, deberán establecerse las medidas de compensación o coordinación adecuadas a favor de aquellas Corporaciones, de modo que los ingresos de tales Corporaciones Locales no se*

ASINADO POR: CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA - ( JAIME ANEIROS PEREIRA ) 15/09/2021 09:18:40 | TTE ALCALDE - CONCELLEIRO FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 15/09/2021 09:26:39

Documento asinado

*vean mermados ni reducidos tampoco en sus posibilidades de crecimiento futuro.*" Resulta evidente que o Anteproxecto non contén ningunha medida de compensación para os novos custes de xestión tributaria que as corporacións locais vense na obriga de soportar.

O Anteproxecto insiste ademais nunhas normas de xestión tributaria para os novos tributos, nos casos de abastecemento por entidade subministradora, similares ás existentes para o canon da auga cuxa aplicación efectiva xa resulta problemática a día de hoxe. Neste sentido, o artigo 57.2 reserva a favor do órgano competente da comunidade autónoma "*a recadación na vía de constrinximento, incluíndo a concesión de aprazamentos e fraccionamentos de pagamento en período executivo*". O artigo 58.5 prohibe o cobramento de forma separada dos tributos autonómicos e as taxas ou prestacións facturadas polas entidades subministradoras. O artigo 58.10 prohibe ás entidades subministradoras percibir pagamentos dos usuarios transcorrido o prazo voluntario, durante un período de un ano, se este non inclúe o pagamento íntegro dos tributos autonómicos. Ademais dos problemas de xestión tributaria, os artigos 58.5 e 58.10 contraveñen o artigo 63.2 da Lei 58/2003 xeral tributaria, que dispón que "*as débedas tributarias son autónomas. O obrigado ao pagamento de varias débedas poderá imputar cada pagamento á débeda que libremente determine*".

O ente local veríase na obriga de manter unha dualidade na xestión recadadora durante o primeiro ano do período executivo. En efecto, a providencia de prema do ente local só poderá incluír a débeda correspondente ás taxas ou prestacións locais, o que supón a necesidade de dar de baixa nos aplicativos de xestión recadadora os ingresos correspondentes ós tributos autonómicos, unha vez alcanzado o fin do período voluntario. Durante este prazo dun ano, un usuario pode pagar, para un mesmo recibo, a parte correspondente ás taxas ou prestacións locais en procedemento de apremio, e os tributos autonómicos mediante ingresos voluntarios á entidade subministradora. A complexidade desta xestión resulta inviable para os concellos.

A materia regulada é mais propia dun "*convenio en materia de xestión e recadación*" entre diferentes administracións, que de obrigas formais que deban ser soportadas por un substituto do contribuínte. Os ingresos son percibidos na súa integridade pola administración autonómica, sen que as entidades locais competentes sexan debidamente compensadas polos custes incorridos na xestión dos tributos autonómicos cargados no recibos polo subministro de auga.

## X. ¿RESULTA COMPATIBLE O CANON DE ABASTECEMENTO E A TARIFA 68 DA TAXA POR SERVIZOS PROFESIONAIS?

O anteproxecto omite calquera referencia á taxa por servizos profesionais, tarifa 68, establecida pola Lei 6/2003 de taxas de Galicia (en adiante LTG), artigos 26.1 e 26.3:

ASINADO POR: CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA - ( JAIME ANEIROS PEREIRA ) 15/09/2021 09:18:40 | TTE ALCALDE - CONCELLEIRO FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 15/09/2021 09:26:39

Documento asinado

"*26.1. Constitúe feito impoñible da taxa por servicios profesionais a prestación, por parte de profesionais facultativos ó servicio dos suxeitos relacionados no artigo 3 desta lei, dos servicios que se refiran, afecten ou beneficien dun modo particular os suxeitos pasivos, logo de solicitude destes, en cada unha das seguintes modalidades:*
*a) Modalidade de actuacións administrativo-facultativas: servicios administrativos, análogos ós sometidos á taxa por servicios administrativos, cando a súa prestación require que se leve a cabo baixo a dirección dun profesional facultativo.*
*b) Modalidade de actuacións profesionais: servicios de asesoramento, consulta, dirección técnica de obras, emisión de informes, análises, ditames ou opinións profesionais e, en xeral, actividades que esixen a cualificación que ten o profesional que as presta.10 Apartado engadido pola Lei"*.,

*"26.3. Os beneficiados polas obras de regulación dos recursos hídricos xestionadas pola Administración hidráulica da Comunidade Autónoma de Galicia, con captacións situadas augas debaixo dos encoros xestionados por Augas de Galicia e/ou que capten directamente do encoro, financiadas total ou parcialmente con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que non teñan asumida a explotación,conservación e mantemento destes encoros, satisfarán a tarifa 68 da modalidade de actuacións profesionais incluída no Anexo 3, coa finalidade de compensar os custos do investimento que soporte a dita Administración e de atender aos gastos de explotación e conservación de tales obras."*

A citada taxa, que como ven reiterando este Concello na impugnación das liquidacións que se lle veñen remitindo, nin corresponde a "*servizos que se refiran, afecten ou beneficien dun modo particular aos suxeitos pasivos*", nin ditos inexistentes servizos se prestan "*previa solicitude destes*", nin a taxa ten definido un feito impoñible, nin o que se podería presumir é compatible cunha taxa por servizos profesionais, tal e como as define a propia norma, nin define quen é o suxeito pasivo, nin en que posición se atopa (se como contribuínte ou como substituto), nin outros elementos imprescindibles a que obriga o principio de reserva de lei. Podería parecerse ao "*canon de xestión de abastecementos*", para o cal o Anteproxecto define o seu feito impoñible como "*a prestación do servizo de subministro en alta de auga por Augas de Galicia*".

De feito, a base impoñible do canon de abastecemento é "*o volume real de auga subministrado ás entidades locais, medido polo contador instalado, expresado en metros cúbicos*", mentras que a referida taxa por servizos profesionais, modalidade 68, non ten definida unha base impoñible, pero o anexo 3 da LTG establece unha tarifa de 0,021 euros "*por metro cúbico de auga captada*". Ben é certo que, como na LTG non se definen suficientemente os elementos esenciais do tributo, nin sequera pode dicirse con seguridade que sexan iguais nin que, polo tanto, exista duplicidade na imposición, tal como aparenta.

O Anteproxecto indica no seu artigo 26.2 o seguinte:

"*2. Este sistema de financiamento está formado polos cánones regulados no presente título, que terán a natureza de taxa, segundo o disposto na Lei 6/2003, do 9 de decembro,*

*de taxas, prezos públicos e exaccións reguladoras da comunidade autónoma de Galicia.*". A taxa por servizos profesionais prevista na LTG non está incluída no sistema de financiamento da xestión do ciclo integral da auga.

Así e todo, o Anteproxecto non declara inaplicable a taxa por servizos profesionais, co que se descoñece se pola administración autonómica vaise seguir pretendendo esixir esta taxa ou non: isto é, se o subministro en alta de auga por Augas de Galicia a un municipio, con captacións situadas augas debaixo dos encoros xestionados por esta e/ou que capten directamente do encoro, están suxeitas a dúas taxas: o canon de regulación pola presa e o canon de abastecemento pola canalización que conduce a auga ao depósito de cabeceira, porque entendemos que o uso da auga xa está gravado co canon da auga. Desde logo a determinación das contías destas taxas deberán estar perfectamente xustificadas no preceptivo estudio económico financeiro que debe achegarse á Lei para non incorrer en inconstitucionalidade.

Vigo, na data da sinatura dixital

O Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda

O 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro delegado de Fomento e Servizos

ASINADO POR: CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA - ( JAIME ANEIROS PEREIRA ) 15/09/2021 09:18:40 | TTE ALCALDE - CONCELLEIRO FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 15/09/2021 09:26:39

Documento asinado